

# PLAN DIXITAL



CEP Santa Mariña - Redondela

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome.....: *CEP Santa Mariña de Redondela.*

Enderezo.....: *Rúa Marisma, 2. CP: 36800 – Redondela.*

Código de centro.....: *36007710*

Enderezo electrónico.....: [cep.santamarina@edu.xunta.gal](mailto:cep.santamarina@edu.xunta.gal)

Páxina web.....: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsantamarina/>

Etapas educativas.....: *Educación Primaria.*

Número de alumnado.....: *373*

Número de profesorado.....: *31*

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEP "Santa Mariña" de Redondela está situado nas aforas do núcleo urbano de Redondela, na rúa da Marisma nº 2 . Atópase nunha paraxe onde hai instalacións deportivas do Concello, varios centros de ensino (Infantil, ESO: "Illa de San Simón" e dous IES-Mendiño e Pedro Florianí), unha escola infantil, o Instituto Social da Mariña, o Centro Depurador de Augas Residuais, un Centro de saúde e unha zona escampada.

A vila de Redondela está situada ao Sur da provincia de Pontevedra, na marxe esquerda da Ría de Vigo, nun ámbito semiurbano e costeiro. Está ben comunicada coas cidades de Pontevedra e Vigo, preto do aeroporto de Peinador. O municipio conta cunha poboación aproximada duns 30.000 habitantes, repartida nas diversas parroquias rurais e mariñeiras que o conforman (Redondela, Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapela, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela, Vilar de Infesta, Vilavella e O Viso).

Economicamente Redondela susténtase no sector servizos, no traballo mariñeiro e agrícola (este de autoconsumo), na conserveira, téxtil e na de subministro de automóbiles. Tamén responde en parte Redondela ao tipo de cidade-dormitorio.

Como servizos sociais e culturais relacionados co centro, esta vila ofrece asistencia social, biblioteca, auditorio, centro recreativo, Ateneo, Conservatorio. Hai numerosas asociación veciñais, de mozos, ecoloxistas, deportivas, feministas, etc.

Redondela mantén vivas tradicións e festas propias, nas que participan habitualmente alumnado do centro educativo (magosto, Entroido, Maíos, Letras galegas, Corpus-Coca, Choco, entre outras).

O CEP "Santa Mariña" é un centro escolar de titularidade pública e depende da Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia. As ensinanzas impartidas comprenden a totalidade da Educación Primaria.

O centro conta con 18 unidades creadas e en funcionamento.

Pertence á zona educativa de Vigo e figura adscrito ao IES "Illa San Simón" e a este centro está adscrita a EEI "A Marisma".

**O centro leva participando nove anos consecutivo nun PFPP , durante o curso 21-22 conta coas seguintes liñas:**

- Escola inclusiva e atención á diversidade: " Profundización no traballo cooperativo"
- Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias. " Programa de Educación Responsable no CEP Santa Mariña.
- Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial. " O traballo por ámbitos"
- Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.Educación dixital. Elaboración

A maioría do profesorado participa nalgunha liña de formación.

**Por outra banda o centro tamén leva participando anos en distintos programas de innovación educativa entre os que se poden destacar:**

**- Proxecto Seccións bilingües para a área de Educación Plástica e Educación Física**

Este curso temos 27 seccións bilingües. Polo tanto, todo o noso alumnado beneficiarase dun proxecto que busca, entre outras cousas, mellorar a súa competencia lingüística na lingua inglesa.

Os/as profesor/as encargados/as das seccións bilingües son D. Alejandro Enrique Rodríguez (Educación Física de 4º a 6º nivel e Educación Plástica de 5º nivel) Dª Mª Ares Calviño (Educación Plástica de 3º nivel) Dª Berta (Educación Plástica 1º, 2º e 4º), Dª Eugenia Santaclara Maneiro (Educación Plástica en 6º). Este ano ademais contamos coa presenza da auxiliar de conversa.

- **Proxecto de mellora da Biblioteca Escolar (PLAMBE).**

**Dentro deste proxecto solicítanse:**

- **Club de Lectura ( o proxecto do club de lectura pode verse no anexo)**
- **Radio na Bilblio**
- **Biblioteca creativa**

- **Proxecto E-dixgal e anteriormente o proxecto ABALAR**

Proxecto Edixgal en 5º e 6º

**- Contratos programa (solicitados)**

- **Refórzate ( Proa e Arco)**
- **Inclúete (iguálate, Convívete, Emociónate, Inclúete...)**
- **Innovate (Eduinnova)**

**- Robótica**

Participamos, por cuarto ano consecutivo, no programa de innovación educativa da Consellería "Introdución á robótica educativa en primaria".

**- DigiCraft**

Participamos, por terceiro ano consecutivo, no programa de innovación educativa da Consellería "Introdución á robótica educativa en primaria".

**- Voz Natura**

O Santa Mariña implícase coa Natureza participando no Proxecto Voz Natura

- **Proxecta +**

**Este curso participase en Nós tamén creamos**

- **Educación Responsable**

**Este ano iniciamos a participación no programa.**

**O Plan Dixital vai contribuir a alcanzar os sinais de identidade do centro que leva anos comprometido coa innovación educativo tanto no dixital coma na inclusión da diversidade como no cambio metodolóxico.**

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital foi elaborado durante o curso académico 2021 – 2022 polo equipo de Dinamización do Plan Dixital, temporalizado e organizado no marco do PFPP do noso centro educativo, itinerario tecnolóxico, dedicado este curso á elaboración do Plan Dixital, como se detalla a continuación:

1. 25/11/2021.....: Primeiro contacto; reunión do Equipo Dinamizador do Plan Dixital (en adiante, EDPD) para saber como entrar na aula virtual do ADIX ao que foi asignado o noso centro, e consenso das preguntas personalizadas do noso centro para elaborar a enquisa SELFIE.

2. 13/12/2021.....: Análise dos resultados da enquisa SELFIE por parte do EDPD.
3. 17/01/2022.....: Reunión do EDPD para a revisión dos resultados da enquisa SELFIE e procura de discrepancias entre os resultados obtidos pola parte do equipo directivo confrontados cos resultados aportados polo profesorado. Tamén se atopan discrepancias entre estes (profesorado) e os ofrecidos polo alumnado.
4. 07/02/2022.....: Análise das preguntas do test CDD por parte do EDPD, e estudo de como abordar a mellor forma de incentivar ao profesorado para que o realice.
5. 15/02/2022.....: Reunión de todo o profesorado presente no centro para a realización do test CDD en presenza do Equipo Dinamizador do Plan Dixital para axudar no que fora preciso.
6. 07/03/2022.....: Reunión do EDPD → descarga dos resultados do test CDD e análise dos mesmos. Moi alta participación do profesorado (unicamente sen cubrir por aquelas/es que se topaban de baixa nese momento).
7. 14/03/2022.....: Sesión *online* de formación para a elaboración do informe DAFO.
8. 18/03/2022.....: Reunión do EDPD para confrontar os resultados do SELFIE fronte aos obtidos no CDD.
9. 27/03/2022.....: revisión dos informes de xeito individual por parte de cada compoñente do EDPD, e proposta individual para plantilla DAFO.
10. 14/04/2022.....: Reunión do EDPD para a posta en común da análise individual previa, con intención de elaborar o informe DAFO.
11. 20/04/2022.....: Sesión formativa por videoconferencia co equipo ADIX para recibir formación de como elaborar o Plan de Acción.
12. 25/04/2022.....: Reunión do EDPD para pór en común as conclusións obtidas da formación anteriormente indicada.
13. 02/05/2022.....: Traballo individual por parte do EDPD para a procura das debilidades e ameazas que pode sufrir o centro escolar, e análise das súas fortalezas e oportunidades.
14. 09/05/2022.....: Posta en común para a mellora do DAFO, en reunión do EDPD.
15. 19/05/2022.....: Elaboración de proposta de Plan de Acción de xeito individual, por cada compoñente do EDPD.
16. 09/06/2022.....: Reunión do EDPD para a posta en común e elaboración conxunta do Plan de Acción.

17. 16 – 28/06/2022.....: Sucesivas reunións e sesións de traballo individual para a elaboración do produto final, este documento que establece o Plan Dixital do CEP Santa Mariña para o curso 2022 – 2023.



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro tenta favorecer a integración das novas tecnoloxías no traballo coas nosas alumnas e alumnos, así como facilitar a adquisición da competencia dixital do alumnado do centro.

A utilización das TIC no noso centro continúa en aumento, sendo moi importante a implicación de todo o profesorado para a súa implantación na práctica docente diaria. O curso 2017/2018 iniciamos nas aulas de quinto o desenvolvemento do proxecto E-DixGal, ampliándose durante o curso 2018/2019 a sexto de primaria, quedando definitivamente implantado. As alumnas e alumnos de quinto e sexto contan con recursos dixitais, unha dotación de portátiles que poden levar a casa (previa sinatura do acordo de cesión proporcionado pola Administración Educativa e a axencia Amtega) e un entorno virtual de traballo (eva.edu.xunta.gal). Contamos tamén cun servizo de atención *premium* para atender todas aquelas dúbidas e incidencias derivadas do proxecto E-DixGal ([soportepremium@edu.xunta.es](mailto:soportepremium@edu.xunta.es), e contacto telefónico a través de chamada ou whatsapp), e coa ampliación da oferta editorial da plataforma do EVA (incorpórase a editorial DIXIT e impleméntase algunha mellora na editorial Edebé).

Ademais o centro entrou no 2017 nun programa de mellora das conexións á Internet (Rede de Escolas Conectadas) que incrementou a velocidade da navegación pola rede.

Solicitouse novamente a participación do centro no PFPP con 3 liñas, unha delas na sección STEM, desta volta centrada no traballo por ámbitos.

O alumnado de Primaria ten acceso a novos equipos e ferramentas que fan que a súa motivación para aprender con estas tecnoloxías sexa moi superior á que lle ofrece o uso exclusivo do papel e do lapis.

Dende o curso pasado implantouse a utilización da aula virtual do centro de 1º a 4º, o cal complementa o uso de EDixgal, preparando ao alumnado para cando chega a 5º curso e comeza a utilizar esa plataforma.

Ademais a estrutura da aula virtual e a de E-Dixgal, despois de ser acordada así na CCP, é a mesma. A súa organización consiste en crear unha materia/ curso mensual cun nome relacionado co proxecto do centro e logo cada mestr@ establece o traballo semanal das distintas materias. Esta organización facilita o traballo dos especialistas e do alumnado en xeral para desenvolver o proceso de ensino - aprendizaxe tanto de forma presencial como virtual a través da plataforma Cisco - Webex.

O alumnado do centro goza tamén da oportunidade de recibir formación en robótica nunha sesión cada dúas semanas, posto que cada aula divídese en 2 grupos que acoden á aula de robótica un cada semana. A división en 2 grupos procura a optimización do tempo na aula, traballando en grupos de 2 (máximo 3), de xeito que todas e todos os participantes do grupo desenvolvan un papel activo en cada sesión. Como novidade, durante este curso implantárase unha organización do material en mundos e niveis (semellante aos videoxogos de plataformas, estilo Mario Bros) de xeito que cada parella de alumnas e alumnos poidan avanzar de xeito autónomo e con velocidades adaptadas a cada pequeno grupo.

Na LOMLOE inclúense, entre as competencias claves do currículo, a competencia dixital e as competencias básicas en ciencias e tecnoloxía. Estas competencias básicas consisten en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Implica ser: unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar "a información e as súas fontes", "as distintas ferramentas tecnolóxicas e os distintos soportes" como elementos para informarse, aprender e comunicarse.

### ***Estudo inicial do centro con respecto ás TIC***

Na actualidade o CEP "Santa Mariña" de Redondela conta cos seguintes *medios tecnolóxicos*:

- Aula de robótica con 12 robots *mBot*, 6 *Dash*, 7 Escornabots, 2 iPad, 4 tablets, 6 Learning Resources Code&Go, 1 Robot Mind, 1 Artie 3.000, 1 Aircraft e 6 Makey-Makey, así coma xogos de mesa para fomar o pensamento precomputacional, tales como: Robot Turtles (2), Bits & Bytes (2), Laser Maze, Circuit Maze, Gravity Maze, Chess Maze, Fantasma Blitz, Code Master, Ricochet Robots ou Colt Express. Ademais tamén se utilizan algunhas aplicacións web coma LightBot Hour, aplicacións para o manexo dos diferentes robots, e outras de programación como Scratch ou mBlock.

- Material obtido pola participación no programa *Digicraft na escola*: 6 placas Makey-Makey, 6 cámaras web e 6 tabletas dixitalizadoras.
- 2 ordenadores en secretaría.
- 1 ordenador en xefatura de estudos.
- 1 ordenador en dirección.
- 1 ordenador na biblioteca para xestión da mesma e catro de consulta que poden ser utilizados polas alumnas e alumnos do centros (equipos que precisan dun mantemento e supervisión levado a cabo por unha empresa informática).
- 1 ordenador no departamento de Orientación.
- 2 ordenadores na sala de profesores e profesoras.
- 1 ordenador na aula de Audición e Linguaxe.
- 1 ordenador en 2 aulas de Pedagogía Terapéutica.
- 1 ordenador e 1 fotocopiadora na biblioteca de profesores, a disposición do equipo de orientación.
- 1 fotocopiadora para o profesorado, situada no 3º andar.
- 18 ordenadores portátiles á disposición do profesorado (algúns deles deben ser revisados por baixo rendemento e algúns substituídos por uns novos, xa que teñen moitos anos e xa non cumpren o seu cometido).
- Canóns de proxección e pantallas dixitais en cada unha das aulas do centro.
- Para solventar o problema do punto anterior e dar un paso máis na modernización do centro, este curso está previsto dotar ás aulas de 1º con pantallas interactivas que non precisan de canón proxector nin ordenador.
- 3 iPad para alumnado con necesidades educativas especiais.
- 12 tablets para uso de familias que aseguran non dispoñer de medios para traer unha ao centro.
- 5 impresoras de tinta.
- 5 impresoras láser.
- 3 escáner.
- 2 máquinas para plastificar.
- 3 cámaras web.
- 6 cámaras fotográficas dixitais (unha por nivel).
- 1 cámara de vídeo dixital.
- Conexión a Internet vía wifi e tamén por cable en tódalas aulas e dependencias do colexio.

- 6 aulas (de terceiro ciclo) con dotación E-DixGal (encerados dixitais, canóns, portátiles para os mestres/as e para os alumnos/as e conexión a Internet).
- Servidor de centros que posibilita a subida de contidos educativos e a clonación e actualización dos portátiles E-DixGal, tanto das mestras/es coma das alumnas/os.

Os medios do centro son utilizados pola comunidade escolar do seguinte xeito:

- A aula de robótica dispón dun horario distribuído por cursos para que todo o alumnado poida facer uso da mesma. No horario escolar asignouse unha sesión semanal para cada aula de 1º a 6º de Primaria para que o alumnado reciba formación en robótica.
- Os ordenadores e portátiles son empregados polo profesorado para preparar a clase na aula, crear materiais didácticos, baixar información de Internet, revisar o correo electrónico, entre outras.
- Dende o equipo directivo os medios informáticos son utilizados para desenvolver o labor administrativo do centro.
- Dende a biblioteca lévase a cabo, a través do ordenador, a xestión da mesma.
- Nas aulas de quinto e sexto niveis desenvólvese o proxecto E-DixGal, onde o alumnado acada un aproveitamento efectivo dos recursos existentes.

No referente aos servizos dixitais utilizados, caben destacar:

- Corporativos:
  - Correo corporativo: difusión de correos entre o profesorado, e comunicacións por parte do equipo directivo.
  - Cisco Webex: reunións virtuais entre profesorado, con familias e con alumnado que non pode asistir ao centro presencialmente.
  - Abalarmobil: avisos ás familias, citas de titorías e outras comunicacións entre profesorado e familia.
  - Aula virtual do centro: como repositorio de recursos, para ter de man e utilízalos cando sexa mester.
  - Páxina web do centro: para comunicacións ás familias, e difusión de eventos.
- Externos:

- Genially: creación de contidos para o alumnado. Non existen ferramentas corporativas que permitan a creación de contidos da vistosidade, versatilidade e motivación que ofrece esta aplicación web.
- Movavi: edición de vídeo. Descoñecemos un editor de vídeo medianamente potente ofertado pola Consellaría.
- Liveworksheet: elaboración de contidos para o alumnado. A estética e practicidade desta ferramenta está moi por riba das que coñecemos ofertadas pola Consellaría de Educación.
- Canva: elaboración de contidos para o alumnado. Ao igual que Genially, ofrece potencialidades moi lonxe das ferramentas corporativas.
- Google Drive: elaboración de documentos compartidos que non precisan inclusión de datos de alumnado, familia ou profesorado, e posta en común de documentos baleiros para cubrir *offline*. É o xeito máis cómodo e eficaz topado polo centro para a edición conxunta e a posta en común de documentos para todo o profesorado, á espera de que a Consellaría ofrezca algo semellante.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	4,2		
	Profesorado	4		
	Alumnado	-		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4		
	Profesorado	3,4		
	Alumnado	4,1		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5		
	Profesorado	4,2		
	Alumnado	4,4		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,5		
	Profesorado	4,1		
	Alumnado	-		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4		
	Profesorado	4		
	Alumnado	-		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4		
	Profesorado	3,4		
	Alumnado	3,6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6		
	Profesorado	3		
	Alumnado	-		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,2		
	Profesorado	3,7		
	Alumnado	4,2		

### 1.1. Test CDD:

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	23	26	88,5 %
<b>PROVISIONAL</b>	2	2	100 %
<b>INTERINO</b>	1	1	100 %
<b>SUBSTITUTO</b>	3	3	100 %
<b>DESPRAZADO</b>	4	4	100 %

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Pri</b>	70,4	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>				
<b>F.P</b>				

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	3 %
<b>A2</b>	10	30,3 %
<b>B1</b>	18	54,5 %
<b>B2</b>	4	12,1 %
<b>C1</b>	0	0 %
<b>C2</b>	0	0 %
<b>TOTAL</b>	33	100,00%

**Outras fontes:** Plan TIC, Actas CCP, equipos, coordinacións, Memoria Xeral Anual, Programación Xeral Anual, Proxecto Educativo de centro.



### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<p><i>Todas as aulas contan con EDI + proxector + ordenador ou, no seu defecto, con monitor interactivo.</i></p> <p><i>Ademais, o 75% do alumnado de 1º a 4º conta con tablets traídas de casa, un 10% con tablets prestadas polo centro e outro 15% antigos ordenadores Abalar prestados polo centro tamén.</i></p>	<p><i>Algúns equipos quedaron obsoletos e non é sinxelo actualizalos. A infraestrutura de rede do centro non é todo o estable que debería.</i></p>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<p><i>Dous terzos do claustro teñen nivel integrador ou superior. Unha grande parte do profesorado participa (ou participou) en PFPP de itinerario tecnolóxico. Unha pequena parte do equipo tamén actúa ou actuou como poñente en cursos e/ou PFPP relacionados coas TIC's.</i></p>	<p><i>Constantemente o centro recibe persoal provisional, substituto ou de recente incorporación ao corpo de mestres con pouca ou nula formación dixital. Trabállase con pouca profundidade o pensamento computacional. O profesorado conta con pouco tempo para a elaboración, procura e ordenación de recursos dixitais. Non dispoñemos de plataformas que permitan compartir estes recursos de xeito sinxelo e práctico.</i></p>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<p><i>Estabilidade do persoal. Colabora en todo o que se lle solicita e está implicado na vida activa do centro.</i></p>	<p><i>Falta formación dixital en parte do persoal non docente.</i></p>
	<b>ALUMNADO</b>	<p><i>A actitude do alumnado é favorable ao uso das TIC no proceso de ensino – aprendizaxe. A maioría do alumnado está concienciado sobre a necesidade de facer bo uso das ferramentas tecnolóxicas. Teñen</i></p>	<p><i>A creación de contidos por parte do alumnado non é todo o ampla e variada que debería. Nalgúns casos non se utiliza a tecnoloxía de xeito responsable. descoñecemento dos problemas que pode xerar a</i></p>

		<p><i>adquiridas as destrezas básicas do uso de aparellos tecnolóxicos.</i></p>	<p><i>exposición en redes. Falta de coñecemento e conciencia dos parámetros legais que afectan ás contas de usuario de diferentes plataformas. Descoñecemento ou desprezo polas idades mínimas esixidas para a creación de ditas contas.</i></p>
<b>FAMILIAS</b>		<p><i>Colaboran na súa maioría aportando dispositivos tecnolóxicos. En grande medida a disposición das familias cara ao uso destes dispositivos é favorable.</i></p>	<p><i>Algunhas familias expresan a súa preferencia polos formatos en papel e metodoloxías tradicionais. Existe unha fenda dixital entre as familias que o centro trata de paliar, inda que non sempre resulta posible. Descoñecemento da lexislación con respecto á creación de contas de usuario en plataformas, especialmente redes sociais. Diferencias na formación dixital para poder axudar ao alumnado en temas que teñan que ver coa educación dixital.</i></p>
<b>OFERTA</b>		<p><i>O centro pertence ao programa EDixgal en 5º e 6º. Tamén utiliza a plataforma de videoconferencias ofertada pola administración. A aula virtual vertebra a actividade diaria de todos os cursos. O entro ofrece ao alumnado e ás familias todos os recursos materiais dos que dispón. O centro integra a robótica no currículo do alumnado. Durante o confinamento, destináronse recursos do centro para facer chegar</i></p>	<p><i>O centro non ofrece redes sociais que faciliten ou se adecúen á realidade para favorecer a interacción de toda a comunidade educativa.</i></p>

		<i>conexión a interent ás familias que o precisaban.</i>	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<i>A aula virtual do centro coordínase e estrutúrase dende a CCP co equipo TIC ao comezo do curso. O centro reserva unha sesión semanal de robótica para cada aula.</i>	<i>Precísanse máis horas de coordinación. Os contidos de robótica non se integran na programación de nivel.</i>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<i>EDixgal 5º e 6º. Plataforma de videoconferencia dispoñible para profesorado e alumnado que permite a educación en espello en caso de non poder asistir ao centro. Aula virtual: permite o seguimento do curso do alumnado e das familias. Proxecto DigiCraft. Programa de robótica para centros educativos.</i>	<i>A administración non renova os equipos que van resultando obsoletos ou avariados. A formación ofertada resulta totalmente inadecuada, de escasa calidade e non se axusta ás necesidades e realidades educativas.</i>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<i>Ofértanse diferentes proxectos de innovación educativa.</i>	<i>As bases dos proxectos establecen que a dotación económica en xeral (e dos relacionados coas TIC's) deben destinarse a material funxible, o cal imposibilita a actualización dos dispositivos cos que conta o centro.</i>
	<b>CONTORNA</b>	<i>Durante a pandemia o concello colaborou achegando a conexión a familias desfavorecidas economicamente. Celebráronse plenos infantís telemáticos. O centro inviste no comercio local na adquisición de material tecnolóxico que pode ofrecer.</i>	<i>As administracións locais non ofertan actividades dixitais. Non colaboran con equipación nin formación para alumnado, profesorado nin familias. Poderíase solicitar colaboración a comercios ou entidades locais. Tampouco se realizan actividades colaborativas con outros centros da contorna.</i>
	<b>ANPA</b>	<i>Colabora co centro en todo o que pode.</i>	<i>Conta cunha porcentaxe de afiliadas/os inferior ao desexable.</i>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<i>A "Cruz Roja" proporciona clases de apoio e ofertan unha sesión telemática semanal de apoio escolar a alumnado que o precisa.</i>	<i>A "Cruz Roja" pode atender a un número reducido de alumnado, non admitindo a máis dos que axuda neste momento.</i>

### 3. Plan de Acción

Área/s de mellora: Persoal docente e alumnado						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Optimizar a creación e/ou procura de recursos dixitais				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Eugenio Meira Rodríguez				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Crear un repositorio de contidos organizado por cursos e materias. Pór a disposición do profesorado 5 contas en plataformas de creación de recursos.					
<b>Valor de partida:</b>	Non hai repositorio no centro. O centro ofrece, a día de hoxe, 2 contas en plataformas de creación de recursos.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Repositorio creado e 5 contas a disposición do profesorado.			31 de outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: O coordinador TIC e EDixgal creará un curso onde matriculará a todo o persoal docente do centro, estruturado de xeito claro e práctico.	Coordinador EDixgal.	31 de outubro de 2022	Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: O coordinador EDixgal consultará ao profesorado en que plataformas consideran máis oportuno crear unha conta.	Coordinador EDixgal.	30 de setembro de 2022	Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O coordinador EDixgal creará as contas e poráas a disposición do profesorado.	Coordinador EDixgal e equipo directivo.	15 de outubro de 2022	Dispoñibilidade horaria e orzamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Profesorado						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Creación de recursos para o centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo, coordinador EDixgal e equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Dedicación da liña TIC do PFPP á creación de recursos e organización dos mesmos					
<b>Valor de partida:</b>	Obxectivo 1: crear un repositorio de contidos.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Creación e organización de recursos.			30 de maio de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A02.1: Creación de recursos nas plataformas dadas de alta no obxectivo 1</b>	Equipo directivo, coordinador EDixgal e equipo TIC	30 de xuño de 2022	Equipos informáticos actualizados e contas en aplicacións web.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A02.2: Organización dos recursos creados no repositorio creado no obxectivo 1</b>	Equipo directivo, coordinador EDixgal e equipo TIC	30 de xuño de 2022	Equipos informáticos actualizados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Familia, alumnado, persoal non docente e profesorado						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Formación das familias en ciberseguridade e protección de datos				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e coordinador EDixgal				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Organización de xornadas de educación en ciberseguridade e protección de datos para a comunidade escolar.					
<b>Valor de partida:</b>	Non se organiza formación para familias, e estas amosan descoñecemento en seguridade na rede e protección de datos.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Organización de mínimo 4 xornadas.			30 de xuño de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1: Organización de xornadas sobre ciberseguridade</b>	Equipo directivo e coordinador EDixgal	30 de xaneiro de 2022	Dispoñibilidade horaria e orzamentaria. Colaboración externa.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2: Organización de xornadas de protección de datos</b>	Equipo directivo e coordinador EDixgal	30 de xuño de 2022	Dispoñibilidade horaria e orzamentaria. Colaboración externa.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento e familias						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Mellorar o equipamento do centro				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC, equipo directivo e familias.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Presentar proxecto no programa Polos Creativos. Todo o alumnado con tablet ou portátil. Contar con tablets para o 7% do alumnado (25 tablets)					
<b>Valor de partida:</b>	O proxecto inda non está presentado. Unha grande parte das familias dispoñen de tablet para o alumnado. O centro trata de dotar de tablets ás familias que non poden conseguir unha.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Presentación do proxecto e 100% do alumnado con tablet ou portátil.			30 de setembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Elaboración do proxecto para o programa Polos Creativos e presentación do mesmo.</b>	Coordinador EDixgal e equipo directivo.	22 de maio de 2022	Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Concienciar ás familias da necesidade de dotar ao alumnado dunha tablet ou portátil.</b>	Coordinador EDixgal e titoras/es.	30 de setembro de 2022	Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Dotar ao centro con tablets para o 7% do alumnado.</b>	Equipo directivo.	30 de setembro de 2022	Dispoñibilidade orzamentaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



Área/s de mellora: Organización de centro.						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Integrar a robótica na programación didáctica.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinador EDixgal e equipo TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Traballar como mínimo 2 contidos por nivel da programación no tempo dedicado á robótica.					
<b>Valor de partida:</b>	Os contidos de robótica non se axustan á programación didáctica.					
<b>Valor previsto e data:</b>	2 contidos por nivel			15 de xuño de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Reunión do equipo TIC para abordar o asunto.</b>	Coordinador EDixgal e equipo TIC	30 de setembro de 2022	Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Especificar e temporalizar os contidos a traballar dende a robótica.</b>	Todo o persoal docente	30 de setembro de 2022	Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3: Executar os acordos de A05.2</b>	Coordinador EDixgal e docentes que imparten robótica	15 de xuño de 2022	Dispoñibilidade horaria e dotación de robots necesarios para desenvolver o plan		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

#### 4. Avaliación do plan

A avaliación do Plan Dixital será continúa e formativa para o cal se empregarán diferentes instrumentos:

Actas do Claustro e Consello Escolar.

- Proxecto económico e de xestión.
- Actas das reunións de nivel.
- Actas das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Actas dos equipos coordinadores de proxectos e experiencias educativas.
- Actas de avaliación das sesións de avaliación do alumnado.
- Cuestionarios e escalas de valoración.
- Observación.
- Propostas e suxestións de mellora.
- Memoria dos proxectos e memoria final de curso.

Estes instrumentos empregaranse para valorar os indicadores

INDICADORES	Moito	Bastante	Pouco	Nada
- Nivel de consecución dos obxectivos propostos.				
- Nivel de coherencia.				
- Nivel de viabilidade.				
- Operativización das comisións/equipos creados.				
- Grao de cumprimento das reunións establecidas.				
- Actividades de formación.				
- Grao de Compromiso do Claustro.				
- Cantidade, calidade e claridade dos acordos obtidos.				
- Grao de eficacia das accións programadas.				
- Nº de persoas implicadas nos proxectos.				
- Nivel de adecuación dos materiais seleccionados				

- Nivel de satisfacción do profesorado.				
- Nivel de participación e colaboración da comunidade educativa. Familia Alumnado Profesorado Persoal non docente Outros				

As táboas anteriormente indicadas utilizaranse tanto para a avaliación procesual, que se levará a cabo ao final de cada trimestre, e tamén para a avaliación final, que se levará a cabo unha vez rematada a presenza de alumnado no centro.

## 5. Difusión do plan

O PLAN dixital será dado a coñecer a través de distintos medios:

- Abalarmobil: durante o mes de outubro do curso 2022 - 2023
- Páxina web do centro: presente durante todo o curso, a partir de outubro de 2022
- Cartelería: no interior do centro.
- Folletos informativos.
- Nas reunións coas familias: a principio de curso.